

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2007.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **ONCE HORAS E DEZ MINUTOS** do día **VINTEUN DE SETEMBRO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^a OFELIA REY RECIMIL** e os concelleiros **D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA** e **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** do Secretario acctal. da Corporación **DON DAVID GARCIA LAREO** e da Interventora municipal **DONA ANA M^a LOUREIRO SILVA**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- SUBVENCIONS.-

5º.- URBANISMO.-

6º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aproba-las actas correspondentes ás sesións do 03, 10, 17, 24 e 31 de agosto de 2007.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito de D^o José Fernández González, en calidade de xerente da empresa Fertaf Obras y Servicios, S.L., Rexistro de Entrada nº 4170, de data 18 de setembro de 2007, no que indican que como adxudicatarios da obra denominada “Captación y canalización de aguas en zona rural de Silleda”, solicitan permiso para cortar o camiño público que vai dende a igrexa de Saidres o lugar de Castro (Breixa) e accesos que se atopan neste tramo, necesario

para realización destas obras. A prazo aproximado sería de 15 días contados a partir do luns 24 de setembro de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o permiso solicitado.

2.2.- Escrito de Dº Jesús García Rozas, Rexistro de Entrada nº 4237, de data 20 de setembro de 2007, solicitando identificación dos axentes que presentaron unha denuncia contra él por estacionamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda notificar o petioinario que na denuncia xa consta o número de Identificación Profesional dos Policía Locais, e para calquera acción legal relacionada con esta denuncia o axente estaría identificado a tódolos efectos con ese número.

2.3.- Escrito de Dº Jesús Otero Vaerla, en calidade de Presidente en funcións da Mancomunidade Terras de Deza, Rexistro de Entrada nº 4216, de data 20 de setembro de 2007, solicitando autorización para nomear Interventor Accidental da mencionada Mancomunidade ó funcionario deste concello, pertencente o grupo D, Dº Daniel Rodríguez Espiño, ata que haxa na comarca un habilitado estatal que queira ocupar o posto de Interventor.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a autorización solicitada.

2.4.- Escrito das Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de Pontevedra, (Rexistro de Entrada nº 4217, de data 20 de setembro de 2007, solicitando condicionados en relación a instalación de LMT, CT, RBT Entremesóns, solicitado por Hidroeléctrica de Silleda S.L. (Expediente IN407A 2007/377-4)

A Xunta de Goberno Local, pro unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á oficina técnica municipal para que proceder a remitir o solicitado.

2.5.- Escrito da Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, (Rexistro de Entrada nº 4229, de data 20 de setembro de 2007), en relación á solicitude de cartelería das novas rutas que amplían a cobertura dos servizos NoiteBus na Comunidade Autónoma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar da Dirección Xeral de Transportes a nova cartelería que afecten as rutas do Concello de Silleda.

2.6.- Escrito de Delegación Provincial de Economía e Facenda (Ministerio de Economía y Hacienda), Rexistro de Entrada nº 4201, de data 18 de setembro de 2007, remitindo resultado da elección de representante das entidades locais no consello territorial da propiedade inmobiliaria de Pontevedra, resultando representantes para concello de menos de 20.000 habitantes o Concello de Meaño e para mais de 20.000 habitantes o Concello de Marín.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.7.- Escrito de Dº Luis González Villanueva, Rexistro de Entrada nº 4163, de data 17 de setembro de 2007, solicitando modificación e/ou revisión do sistema de numeración das casas nas parroquias deste municipio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este escrito o traballador deste Concello Dº Miguel Núñez Troitiño para que realice un estudo sobre este petición.

2.8.- Escrito do Servicio de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 4180, de data 18 de setembro de 2007, comunicando que con data 5 de setembro tramitouse a petición deste Concello relativa á prórroga para a execución das obras do POL/06 denominadas:

- Saneamento Santa Eulalia (nº 613)
- Captación e canalización de augas en zonas do rual de Silleda (nº 633)

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.9.- Escrito da Dirección Xeral de Administración Local-Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 4155, de data 17 de setembro de 2007, autorizando modificación da subvención concedida ó abeiro da Orde do 16 de febreiro de 2007 para o proxecto denominado “Construcción pasarela e aseo minusválidos na casa consistorial” polo proxecto denominado “Obras de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste cambio de denominación de obra.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Á vista da necesidade de contratar a unha persoa para prestación de servizos nmo Punto Limpo de Silleda, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda que, pola Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a contratación do persoal mencionado.

3.2.- Dada a necesidade de realizar unha auditoría do estado das contas do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda que se inicien os trámites para levar acabo a contratación dunha auditoria e que pola Secretaría se emita informe sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

4º.- SUBVENCIONS.-

Non hai asuntos que tratar.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Actividades Clasificadas:

5.1.1.- Examinado o expediente promovido por Dº José Luis Gómez Maceira, en representación de SOLDECASA GANADERA, S.A.T., en virtude de instancia nº 3059 de data 05 de xullo de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a ampliación de explotación avícola, a situar na finca con referencia catastral nº 36052M509005170000FT, ubicada entre os lugares de Soldecasa e Bustelo, na parroquia de Escuadro (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Francisco Pérez Donsión, visado polo Colexio Oficial en data 02 de xullo de 2007, actividade comprendida no Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 18 de setembro de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 3059/07 instada por Dº José Luis Gómez Maceira, en representación de SOLDECASA GANADERA, S.A.T., para ampliación de explotación avícola, a situar na finca con referencia catastral nº 36052M509005170000FT, ubicada entre os lugares de Soldecasa e Bustelo, na parroquia de Escuadro (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo ó Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial (Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes) de cara á obtención da preceptiva autorización autonómica, e unha vez obtida a mesma remitirase ó Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental (Delegación Provincial da

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia.

5.1.2.- Examinado o expediente promovido por Dº JOSÉ RAMÓN MOSQUERA CABALEIRO, en virtude de instancia nº 3148 de data 10 de xullo de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a ampliación de explotación avícola de cebo, a situar na finca nº 582, polígono 80 do plano catastral, nas proximidades do lugar da Igrexa, parroquia de Breixa (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Francisco Pérez Donsión, visado polo Colexio Oficial en data 02 de xullo de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 18 de setembro de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 3148/07 instada por Dº JOSÉ RAMÓN MOSQUERA CABALEIRO, para ampliación de explotación avícola de cebo, a situar na finca nº 582, polígono 80 do plano catastral, nas proximidades do lugar da Igrexa, parroquia de Breixa (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo ó Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial (Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes) de cara á obtención da preceptiva autorización autonómica, e unha vez obtida a mesma remitirase ó Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental (Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia.

5.1.3.- Examinado o expediente promovido por Dº Angel Estévez Parada, en representación de VIVEROS DE SILLEDA, S.C., en virtude de instancia nº 3213 de data 17 de xullo de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a instalación dun invernadoiro para produción de planta ornamental, a situar na finca nº 501, polígono 48 do plano catastral, nas proximidades da rotonda da estación de servicio de Silleda (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Francisco Pérez Donsión, visado polo Colexio Oficial en data 06 de xullo de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 18 de setembro de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 3213/07 instada por Dº Angel Estévez Parada, para instalación dun invernadoiro para produción de planta ornamental, a situar na finca nº 501, polígono 48 do plano catastral, nas proximidades da rotonda da estación de servicio de Silleda (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo ó Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial (Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes) de cara á obtención da preceptiva autorización autonómica, e unha vez obtida a mesma remitirase ó Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental (Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia.

5.1.4.- Licencia Nº 2007/06. Visto o expediente instruído a instancia de Dª PILAR CALVEIRO MOREIRA, solicitando Licencia para construción dunha fosa de xurro en

explotación de gando vacún de leite, a situar no lugar de Eirexe, parroquia de Chapa (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 31 de agosto de 2007, (Rexistro de Entrada nº 4134, de data 13 de setembro de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, Insalubre e Nociva, CD. 012-42, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) As fosas deberán ser estancas e en ningún momento poderán existir vertidos directos ao medio natural. Previa á licenza de actividade aportarase un certificado polo técnico responsable que acredite a estanqueidade e impermeabilidade das fosas de xurro, a cal deberá estar cuberta e cercada evitando así o acceso a persoas alleas. Os residuos que se xeren en calquera actividade da explotación, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. A auga de abastecemento procedente de pozo, contará cun sistema de cloración permanente que garanta a potabilidade da auga de consumo. A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias, e o RD legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo, con data 24 de xullo de 2007 (Rexistro de Entrada nº 3512, de data 03 de agosto de 2007), concede autorización previa á concesión de licenza municipal, sinalando que, dacordo con disposto no artigo 42.1e) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo solicitante farase constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan, debendo remitir ao Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial de Pontevedra, antes do inicio das obras e implantación do uso, certificación do Rexistro da propiedade na que consten os seguintes extremos:

- titular do predio: JOSE CALVEIRO ALCOBRE (pai da solicitante)
- superficie do predio: 18.330 m2.
- referencia catastral: 36052A059004160000KA
- uso autorizado: fosa de xurro
- superficie edificable: 56 m2
- ocupación: -----

- altura máxima: 1,00 m sobre a rasante do terreo.
- distancia a linderos: 75,00 m

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente e Dirección Xeral de Urbanismo, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

5.1.5.- Licencia Nº 2079/06. Visto o expediente instruído a instancia de Dº ANTONIO PRESAS MATANZAS, solicitando Licencia para ampliación de explotación avícola de cebo, a situar nas fincas nº 1.025, 1.026, 1.027 e 1.030, polígono 9, na zona chamada A Veiga, parroquia de Parada (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 31 de agosto de 2007, (Rexistro de Entrada nº 4135, de data 13 de setembro de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, CD. 012-44, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Non se producirá en ningún momento do ciclo productivo, o almacenamento do esterco na finca da explotación ou noutras se non é para utilizalo como abono e en lugar específico para elo. A explotación non sobrepasará a capacidade máxima da explotación de acordo co Real Decreto 1084/2005, de 16 de setembro, de ordenación de avicultura de carne. Os residuos Os residuos que se xeren en calquera actividade da explotación, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. A auga de abastecemento procedente do pozo, contará cun sistema de cloración permanente que garanta a potabilidade da auga de consumo. A

utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias, e o RD Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo, con data 24 de xullo de 2007 (Rexistro de Entrada nº 3511, de data 03 de agosto de 2007), concede autorización previa á concesión de licenza municipal, sinalando que, dacordo con disposto no artigo 42.1e) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo solicitante farase constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan, debendo remitir ao Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial de Pontevedra, antes do inicio das obras e implantación do uso, certificación do Rexistro da propiedade na que consten os seguintes extremos:

- titular do predio: ANTONIO PRESAS MATANZAS E OUTROS
- superficie do predio: 17.910 m².
- referencia catastral: Finca 1.025: Rexistro da Propiedade de Lalín, Tomo 614, Libro 177 de Silleda, Folio 6, Finca 30.725, Inscrición 3^a
Finca 1.026: Rexistro da Propiedade de Lalín, Tomo 614, Libro 177 de Silleda, Folio 7, Finca 30.765, Inscrición 1^a
Finca 1.027: Rexistro da Propiedade de Lalín, Tomo 614, Libro 177 de Silleda, Folio 8, Finca 30.727, Inscrición 3^a
Finca 1.030: Rexistro da Propiedade de Lalín, Tomo 614, Libro 177 de Silleda, Folio 11, Finca 30.730, Inscrición 3^a
- uso autorizado: ampliación de explotación avícola de cebo.
- superficie edificable: 588 m² construídos
- ocupación: 9,63%
- altura máxima: 2,60 m
- distancia a linderos: >5,00 m

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente e Dirección Xeral de Urbanismo, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de

actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

5.1.6.- Licencia N° 1302/07. Visto o expediente instruído a instancia de D° ANTONIO CANGAS CONDE, solicitando Licencia para apertura de local para dedicalo a café-bar, situado na rúa José Antonio, n° 7 baixo (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 30 de agosto de 2007, (Rexistro de Entrada n° 4159, de data 17 de setembro de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, SCD, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Non superará os 74 dB(A) no interior do local, que traballará coas portas e as fiestras pechadas. Instalarase limitador de son, precintado polo concello, por debaixo de 50 dB(A) para a Tv e de 70 dB(A) para o equipo de reprodución sonora.
 - O equipo de ventilación estará dotado de illamento acústico e elementos antivibratorios e situaranse lonxe de ocos e/ou ventás de vivendas próximas.
 - A saída de gases e fumes da cociña será por conducto independente ao cumio da edificación.
 - Instalará unha cámara separadora de graxas, co dimensionamento adecuado, previo ó entronque coa rede de sumidoiro.
 - Os residuos que se xeren durante o desenvolvemento da actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. O aceite da fritidora será xestionado por xestor autorizado como residuo non perigoso.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión

Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

5.1.7.- Licencia N° 707/06. Visto o expediente instruído a instancia de D° Manuel Luis Gil Castro, en representación de D° ALFREDO FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, solicitando Licencia para construción dun nicho, a situar no cemiterio parroquial de Saidres, sito no lugar de Maragouzos, parroquia de Saidres (Silleda).

RESULTANDO: Que elevado á Delegación Provincial de Sanidade, este Organismo, con data 31 de marzo de 2006, (Rexistro de Entrada n° 1390, de data 04 de abril de 2006) resolve informar favorablemente o proxecto, sinalando que unha vez rematadas as obras, e antes da posta en funcionamento, deberá comunicalo á mencionada Delegación co gallo de realiza-la visita de inspección e obte-la preceptiva autorización de apertura e funcionamento.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural-Consellería de Cultura e Deporte, este Organismo, con data 02 de maio de 2006, (Rexistro de Entrada n° 1852, de data 05 de maio de 2006) resolve autorizar a intervención solicitada coa condición de que os movementos de terra se realicen de forma manual e realicen un control arqueolóxico das obras de remoción de terras, para o cal deberán presentar para a súa autorización un proxecto de control arqueolóxico que dea cumprimento ó disposto na Lei 87/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia e no Decreto 199/1997, de 10 de xullo, que regula a actividades arqueolóxica en Galicia.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Delegación Provincial de Sanidade e a Dirección Xeral de patrimonio Cultural, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

5.2.- Licencias de segregación/agregación.

5.2.1.- Dase conta do escrito presentado por D^a M^a Josefá Pérez Guerreiro, Rexistro de Entrada n° 4055, de data 10 de setembro de 2007, indicando que se advirten erros na medición da licenza de segregación otorgada por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de agosto de 2007, para segregar en dúas partes o baixo do edificio situado na rúa Venezuela n° 11 de Silleda (Silleda).

Visto o informe do asesor técnico municipal, de data 17 de setembro de 2007, no que se sinala:

“1º.- En data 30-xullo-2007, por parte do técnico que suscribe, emítese informe en relación coa segregación en dúas partes do baixo do edificio situado na rúa Venezuela, nº 11 (Silleda).

2º.- Debido a un erro na medición do baixo A do edificio e debido a que non se considerou a zona do solar sin construír, é polo que agora se solicita unha rectificación dos datos que figuraban na licenza de segregación (concedida por acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello en data 3-agosto-2007).

3º.- O solo do solar no que está ubicado o edificio no que está o baixo e a zona da finca sin construír que se pretende segregar, según o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, presenta as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO URBANO*
- Calificación do Solo: RESIDENCIAL*
- Ordenanza/Norma de aplicación: Sección 1ª-Ordenanza Edificación Cerrada (EC)*

4º.- Según o proxecto técnico aportado o baixo do edificio e a zona do solar sin construír que se pretende segregar ten unha superficie en planta de 260,00 m² (dos que 140 m² está edificados e 120 m² están sin edificar).

5º.- Da zona edificada temos dúas partes: Nunha delas está o oco das escaleiras (cunha superficie de 16,23 m²) e os restantes 123,77 m² son os que ocupa o baixo que se pretende segregar.

6º.- Preténdese segregar en dúas partes dito baixo do edificio así como a zona sin edificar do solar, que quedaría do seguinte xeito:

- Baixo A: Cunha extensión superficial de 196,17 m² (120 m² forman parte da zona do solar sin edificar e 76,17 m² forman parte do baixo do edificio). A fachada á rúa Venezuela mide 4,12 m.

- Baixo B: Cunha extensión superficial de 47,60 m². A fachada á rúa Venezuela mide 2,90 m.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, visto o informe anteriormente mencionado acorda otorgar a licenza de segregación solicitada.

5.2.2.- Dase conta do escrito presentado por Dº Manuel Cayetano Domínguez, Rexistro de Entrada nº 4074, de data 10 de setembro de 2007, solicitando licenza de segregación (en dúas partes) de finca e agregación dunha desas partes a outra finca, ambas situadas na rúa Iryda nº 43 de Bandeira (Silleda), segundo o proxecto do Aruiqtecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, visado polo Colexio Oficial en data 29 de agosto de 2007.

Visto o informe do asesor técnico municipal, de data 17 de setembro de 2007, no que se sinala:

“1º- A fincas matrices (denominadas parcela matriz nº 1 e parcela matriz nº 2) que se sinalan no proxecto técnico (asinado polo arquitecto técnico don José Pereiras Sánchez e visado polo Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra en data 29-agosto-2007) aportado coa solicitude describíense deste xeito:

a) Parcela matriz nº 1: Propiedade de don Manuel Cayetano Domínguez, situada con fronte á rúa Iryda, nº 43, Bandeira (Silleda). Sitúase parte dela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como SOLO URBANO EDIFICACIÓN CERRADA (S.U./E.C.), e outra parte en SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO RESIDENCIAL (S.U.N.P./R.).

Realizada a medición obtívose unha superficie de 1.522,92 m² (na escritura de compra-venda figuran 1.749,75 m²), sendo os seus lindeiros os seguintes:

- Norte: Parcela propiedade de Ramón Gómez Fuentes, parcela propiedade de Elvira Cuiña Costoyas e edificación ou parcela matriz nº 2.
- Sur: Parcela de Santiago Penelas Meijome.
- Este: Parcela propiedade de Elvira Cuiña Costoyas e edificación ou parcela matriz nº 2, rúa Iryda ou estrada Bandeira-Vila de Cruces.
- Oeste: Camiño.

b) Parcela matriz nº 2: Propiedade de don Manuel Cayetano Domínguez, situada con fronte á rúa Iryda, nº 43, Bandeira (Silleda). Sitúase toda dela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como SOLO URBANO EDIFICACIÓN CERRADA (S.U./E.C.).

Realizada a medición obtívose unha superficie de 100,00 m² (os mesmos que figuran na escritura de compra-venda), sendo os seus lindeiros os seguintes:

- Norte: Parcela propiedade de Elvira Cuiña Costoyas.
- Sur: Parcela matriz nº 1.
- Este: Rúa Iryda ou estrada Bandeira-Vila de Cruces.
- Oeste: Parcela matriz nº 1.

Conforme ó vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, son divisibles e cumpren co establecido na Sección 4ª (parcelacións), Artigo 204, da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

2º- Preténdese parcelar en dúas partes a parcela matriz nº 1, que quedaría do seguinte xeito:

- Parcela número 1.1: Cunha extensión superficial de 837,00 m², sitúase toda ela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como SOLO URBANO EDIFICACIÓN CERRADA (SU/EC), sendo os seus lindeiros:

Norte: Parcela propiedade de Ramón Gómez Fuentes, parcela propiedade de Elvira Cuiña Costoyas e edificación ou parcela matriz n^o 2.

Sur: Parcela de Santiago Penelas Meijome.

Este: Parcela propiedade de Elvira Cuiña Costoyas e edificación ou parcela matriz n^o 2, rúa Iryda ou estrada Bandeira-Vila de Cruces.

Oeste: Parcela n^o 1.2 resultante da segregación da parcela matriz n^o 1.

- Parcela número 1.2: Cunha extensión superficial de 685,92 m², sitúase toda ela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO RESIDENCIAL (S.U.N.P./R.); sendo os seus lindeiros:

Norte: Parcela de Ramón Gómez Fuentes.

Sur: Parcela de Santiago Penelas Meijome.

Este: Parcela n^o 1.1 resultante da segregación da parcela matriz n^o 1.

Oeste: Camiño.

3^o- Preténdese agrupar a parcela número 1.1 coa parcela matriz n^o 2, quedando logo da agrupación do seguinte xeito:

- Parcela A: Cunha extensión superficial de 937,00 m², sitúase toda ela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como SOLO URBANO EDIFICACIÓN CERRADA (SU/EC), sendo os seus lindeiros:

Norte: Parcela propiedade de Ramón Gómez Fuentes, parcela propiedade de Elvira Cuiña Costoyas.

Sur: Parcela de Santiago Penelas Meijome.

Este: Parcela propiedade de Elvira Cuiña Costoyas e rúa Iryda ou estrada Bandeira-Vila de Cruces.

Oeste: Parcela B segregada da parcela matriz n^o 1.

- Parcela B: Cunha extensión superficial de 685,92 m², sitúase toda ela en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO RESIDENCIAL (S.U.N.P./R.); sendo os seus lindeiros:

Norte: Parcela de Ramón Gómez Fuentes.

*Sur: Parcela de Santiago Penelas Meijome.
Este: Parcela A descrita no punto anterior.
Oeste: Camiño.*

4º- As parcelas resultantes da parcelación-agrupación cumpren coas condicións establecidas no vixente PXOM e na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á licencia de segregación/parcelación anteriormente mencionada.

5.3.- Solicitude de prórroga.

Dase conta do escrito presentado por Dº Vidal Diéguez Blanco, en representación de PROURBA DIEGUEZ Y LOIS, S.L., Rexistro de Entrada nº 4006, de data 06 de setembro de 2007, solicitando prórroga para o inicio da execución das obras para as cales se concedeu licencia pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 12 de xuño de 2007, licencia nº 1326/07, consistentes en:

- Construcción dun edificio composto de dúas plantas soto para garaxes e trasteiros, planta baixa para locais comerciais, catro plantas altas para 72 vivendas na rúa Estrada da Estación, s/n (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido polo Arquitecto Asesor Técnico, de data 18 de setembro de 2007, no que se sinala que non houbo cambio na normativa vixente aplicable, por unanimidade acorda a renovación destas licencias nos termos nas que foron concedidas.

5.4.- Licencias de Obra Maior:

5.4.1.-A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico, e coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº Manuel M. Rodríguez Barreiro, en representación de REVOLTA 2005, S.L., con domicilio na rúa María Cílmeiro, nº 5 (Silleda)
- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Rehabilitación de vivenda unifamiliar.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Lugar deChopiño, parroquia de Saidres (Silleda).
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Oscar L. Rodríguez Ramos.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 88.450,00 € (execución)

material)

f) **CONDICIONANTES:** Os definidos no proxecto técnico, e os especificados nos informes do asesor técnico municipal, de data 10 de maio de 2007, así como as indicadas pola Dirección Xeral de Urbanismo de data 03 de setembro de 2007, Rexistro de Entrada nº 4185 de 18.09.07, no que se sinala:

“concédese autorización previa á concesión de licencia municipal, sinalando que, de conformidade co previsto no artigo 42.1e) da Lei 9/2002, a perso interesada fará constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan, e deberalle remitir ao Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial de Pontevedra, antes do inicio das obras e implantación do uso, certificación do Rexistro da propiedade na que consten os seguintes extremos:

- titular do predio: *Revolta 2005, S.L.*
- superficie do predio: *1.120 m².*
- Ref. Catastral do predio: *36052A208003000000DJ*
- uso autorizado: *Vivenda unifamiliar.*
- superficie edificable: *255,75 m²”*

g) **PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS:** De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) **OUTROS:**

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 1420/07.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 □□□ (informe técnico) e 1.990,13 □□□ (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

6º.- INTERVENCIÓN.-

6.1.- Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00010-07, de data 21 de setembro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 5.466,42 □□□

ROGOS E PREGUNTAS

1.- Visto o Informe emitido por D^a Dolores García Troitiño, concelleira da Área de Servicios Sociais.

Considerando que pode existir un incumprimento contractual culpable e pode proceder incoar expediente sancionador o empregado en réximen laboral, D^a Dolores García Rosende, e aplicar as medidas disciplinarias que procedan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda que pola Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento sancionador a seguir, dándose conta do mesmo a maior brevedade posible ó obxecto de resolve-lo oportuno.

2.- En relación ás licencias de obras que se otorgan por este Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda que, a partir da data do día de hoxe, tódolos expedientes de licencias de obra que se presente a esta Xunta de Goberno Local para súa aprobación, si procede, deberán vir acompañadas dos informes técnicos e xurídicos así como do pago da taxa de ICIO.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as quince horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario acctal., dou fe.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO acctal,